



ENTIDADE LOCAL MENOR
DE
PAZOS DE REIS
(TUI)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Antecedentes

O Concello de Tui, con data 20 de decembro do 2018, comunica a esta Entidade a intención de impulsar a construción dun novo centro escolar en Pazos de Reis, no lugar de A Macoca.

Con data 18 de outubro do 2019 o Concello de Tui remite a esta Entidade informe do Xefe Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre as condicións da parcela necesaria para a construción de novo centro escolar.

Que para poder levar a cabo esta cesión é necesario realizar unha serie de tramites previos (antes de proceder a tramitar ante a Xunta Veciñal o acordo definitivo de cesión), entre os que se atopan o levantamento topográfico da finca así como a tramitación da segregación da parcela aos efectos de identificala individualmente para o cal a Xunta Veciñal reunida con data 19 de novembro do 2019 acordou facultar ao Presidente da Entidade Local Menor de Pazos de Reis a realizar ditos tramites.

Que o Concello de Tui, con data 17 de decembro do 2019, solicita a Entidade que realice os trámites necesarios para a cesión do terreo para a construción dun novo centro escolar en Pazos de Reis, no lugar de A Macoca.

Que con data 23 de decembro do 2019 a Xunta Veciñal acorda continuar cos tramites necesarios para poder ceder ao Concello de Tui unha parcela de 10000 m2 para a construción dun novo centro escolar en Pazos de Reis.

Que unha vez feita a segregación da finca necesaria, así como o súa inscrición individual no inventario de bens de esta Entidade e no Rexistro da Propiedade pódese realizar o tramite de cesión gratuíta .

2. Descrición da situación actual.

Actualmente existe na Entidade Local Menor de Pazos de Reis un centro escolar. O CEIP de Pazos de Reis que está situado no lugar de Porteliña e ten carencias tanto en espazo aberto como edificado para as funcións que desenvolve unha escola actual.

A edificación actual fixo en 2008 o seu 50 aniversario. Neste tempo mantívose coa estrutura inicial, agás as antigas vivendas dos mestres que convertéronse en espazos para a escola. Hai un módulo prefabricado, colocado de maneira provisional por un curso, e xa leva 5 anos, que se atopa moi deteriorado.

O número de alumnado escolarizado neste CEIP medra de ano en ano e prevese que o incremento siga nos próximos cursos, e poderíase ter que deixar fóra a algún neno ou nena que viva na parroquia. Actualmente acolle 125 nenos e nenas.

Consideramos que debería ser prioritaria a opción de manter en Pazos de Reis a escolarización do alumnado de Infantil e Primaria, dotando ao CEIP dun equipamento axeitado, tanto no que atinxe á edificación coma aos espazos abertos con que debe contar.

Este compromiso a prol dun novo CEIP para Pazos de Reis xa foi manifestado á comunidade educativa polo goberno local e pola Consellería de Educación.

Polo que consideramos que é prioritaria a cesión dos terreos indicados.

Debemos ter en conta que a parcela que se pretende ceder non ten ningún tipo de construción e

atópase na súa maior parte sen ningún tipo de vexetación, xa que estaba destinado para a construción dun novo campo de fútbol.

Tamén debe terse en conta que o carón desta parcela atópanse as instalacións deportivas de A Macoca, que contan cun campo de fútbol, pista de atletismo e pavillón cuberto.

3. Descrición do Ben Patrimonial obxecto da Cesión

A leira que preténdese ceder é a finca RESULTANTE A denominada A MACOCA, pendente de referencia catastral, figura dada de alta no inventario de bens desta Entidade Local Menor de Pazos de Reis co número 1B.1.00081 como ben patrimonial ou de propios e unha valoración de 520,72€

Figura inscrita no rexistro da propiedade de Tui co número de finca 38705, C.R.U. 36010001440809, no Tomo 1354 Libro 268 Folio 174 Alta 1.

4. Natureza Xurídica do Cesionario

A leira sería cedida ao Concello de Tui, que ten a condición de institución pública, o tratarse dunha Entidade Local con personalidade xurídica propia.

5. Repercusión Social da Cesión de Bens

Ao tratarse dunha cesión dunha parcela para a posterior construción dun novo centro escolar, está claramente xustificado que beneficiaría ao conxunto da cidadanía así como a mellora das condicións actuais nas que se atopa o alumnado do centro educativo.

Ao mesmo tempo a Entidade Local recuperaría o actual edificio no que se atopa o colexio actualmente, que xa é da entidade, para poder destinalo a outros usos.

6. Usos dos Bens

O ben cedido gratuitamente, deberá destinarse unicamente para a construción dun novo centro educativo na Entidade Local Menor de Pazos de Reis, debendo ser destinado a dito uso nun período máximo de cinco anos e debendo manterse dito destino durante os trinta anos seguintes. No caso contrario reverterán automaticamente na Entidade.

7. Conclusións

Pretendese ceder gratuitamente a favor do Concello de Tui ou seguinte ben inmovible:

- Leira rústica situada na paraxe da Macoca, inscrita no rexistro da propiedade Tui, co número de leira 38705, libro 268 , tomo 1354, folio 174 cunha superficie de 10.000 m², linda polos todos seus aires coa parcela, segregada, co número de rexistro 1002 dá Entidade Local Menor de Pazos de Reis, inscrita no inventario de bens co número 1 B.1.00081.
- Para que sexa destinado ao uso de: Construción do novo centro escolar de Pazos de Reis

En Pazos de Reis, vinte e tres de novembro do dous mil vinte
O Presidente